Elementos curriculares dun módulo profesional

Índice

1. Elementos curriculares dun módulo profesional 2

Datos identificativos do módulo 2
Resultados de aprendizaxe (RA) e criterios de avaliación 2
Contidos básicos 3
Enunciado tarefa 4

Fonte: Manual de elaboración de programacións dos módulos profesionais LOE a través da aplicación informática realizado pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

1. Elementos curriculares dun módulo profesional

Entender a estrutura e os elementos do currículo considérase imprescindible para elaborar a programación do módulo profesional. O currículo de cada módulo profesional especifica:

- **Datos identificativos.**
- **Resultados de aprendizaxe** (RA) e criterios de avaliación (CA).
- **Contidos básicos** (organizados en bloques).
- Orientacións pedagóxicas.

O currículo do módulo pode estar organizado en **unidades formativas** de menor duración co fin de promover a formación ao longo da vida. Neste caso o módulo especifica:

- Datos identificativos.
- Unidade formativa 1 (que abrangue os RA, CA e contidos desa unidade formativa).
- Unidade formativa n (que abrangue os RA, CA e contidos desa unidade formativa).
- Orientacións pedagóxicas.

Datos identificativos do módulo

- Denominación e código (exemplo: Tratamento informático da información, MP0440).
- Equivalencia en créditos ECTS[1] (soamente nos ciclos formativos de grao superior).
- Duración en horas.

Resultados de aprendizaxe (RA) e criterios de avaliación

Os **resultados de aprendizaxe** son a forma coa que se expresan os **obxectivos do módulo profesional**, é dicir, indican que actividades debe lograr o alumnado no módulo. Os resultados de aprendizaxe obtéñense a partir dos obxectivos xerais do ciclo formativo e das cualificacións profesionais. Redáctanse en presente atemporal a través de tres grandes compoñentes:

- **Logro:** expresa a acción que se debe alcanzar asociada a unha función, unha técnica, un proceso, un equipamento, etc.
- **Obxecto da actividade:** expresa o contido sobre o que se debe alcanzar o logro.
- **Accións no contexto de aprendizaxe:** expresan os conceptos máis salientables asociados á consecución do logro no contexto de aprendizaxe.

[1] O European Credit Transfer System (ECTS) ou sistema europeo de transferencia e acumulación de créditos.

Exemplo:

RA. Elabora documentos de textos utilizando as opcións dun procesador de textos tipo		
Logro	**Obxecto da actividade**	**Accións no contexto de aprendizaxe**
Elabora	documentos de textos	utilizando as opcións dun procesador de textos tipo.

Os **criterios de avaliación** (CA) permiten valorar se o alumnado alcanzou o resultado de aprendizaxe e expresan os niveis aceptables deste. Cada RA leva asociada unha serie de CA (Ex: RA1→CA1.1, CA1.2, CA1.n). Os criterios de avaliación formúlanse a través de dous grandes compoñentes:

- **Acción realizada:** expresa, de xeito cuantitativo e/ou cualitativo, a concreción do resultado de aprendizaxe que se tivo que demostrar para alcanzar o logro (de forma impersoal e en pasado, como unha acción xa rematada).

- **Contido da actividade ou/e condicións**: expresa o contido sobre o que se alcanza o resultado.

Na seguinte táboa expóñense algúns dos criterios de avaliación que permiten valorar se o alumnado alcanzou o resultado de aprendizaxe "Elabora documentos de textos utilizando as opcións dun procesador de textos tipo":

Criterios de avaliación	
Accións	**Contido da actividade e condicións**
Utilizáronse	as funcións, as prestacións e os procedementos dos procesadores de textos e da autoedición.
Identificáronse	as características de cada tipo de documento.
Redactáronse	documentos de texto coa destreza axeitada, aplicando as normas de estrutura.
Utilizáronse	diversos tipos de estilos.
...	...

Nos currículo da LOE, os criterios de avaliación son os que definen o que o alumnado debe aprender e, daquela, o que o profesorado debe ensinar**. A programación debe ter os CA como referentes e non os contidos, xa que os contidos son simples listaxes onde non se limita o alcance do que se debe explicar.** O límite márcao o criterio de avaliación.

Contidos básicos

Son o soporte que necesita o alumnado para realizar as actividades implícitas nos criterios de avaliación. Cada resultado de aprendizaxe ten un bloque de contidos asociado (Ex: RA1→BC1).

Na táboa seguinte relaciónanse os contidos necesarios para que o alumnado realice as accións dos CA e alcance o RA “Elabora documentos de textos utilizando as opcións dun procesador de textos tipo”.

BC4. Elaboración de documentos e patróns mediante procesadores de texto
Funcións básicas dun procesador de textos. Estrutura dos documentos: divisións e seccións. Elaboración de documentos de diversos tipos (manuais, partes de incidencias, etc.). Estilos. ...

É importante ter en conta que os contidos se formulan de xeito amplo e que son os criterios de avaliación os que deben establecer o límite explicativo destes.

O currículo oficial do módulo pode estar organizado en **unidades formativas** de menor duración co fin de promover a formación ao longo da vida. É dicir, que os elementos curriculares do módulo (RA, CA, BC e contidos) se dividen en varias unidades formativas que teñen sentido en si mesmas e que deben impartirse de xeito diferenciado, xa que son certificables e teñen validez no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Enunciado tarefa

Para entender a estrutura dun módulo e a forma de redactalo, nesta tarefa deseñaranse elementos curriculares (RA, CA e contidos). Para iso, neste suposto imaxinario o alumnado debe alcanzar o resultado de aprendizaxe:

– **Elabora unha tortilla de patacas empregando a técnica e os ingredientes axeitados.**

A tarefa consiste en describir os criterios de avaliación e os contidos apropiados para lograr ese RA (aparece un CA a modo de exemplo):

RA. Elabora unha tortilla de patacas empregando a técnica e os ingredientes axeitados.	
Criterios de avaliación	
Accións	**Contido da actividade e condicións**
Elixíronse	os ingredientes axeitados para facer unha tortilla de patacas
...	...
Título do bloque de contidos:	
...	
...	

Axuda para realizar a tarefa:

- Os criterios de avaliación deben redactarse co verbo en pasado e de forma impersoal, e os contidos con substantivos. Non hai un límite máximo nin mínimo de CA ou contidos, introduza os que considere necesarios para alcanzar o RA.
- Recoméndase redactar primeiro os CA e posteriormente facer a listaxe de contidos a partir da columna de "Contido da actividade e condicións". Hai que titular o bloque de contidos.
- Os criterios de avaliación deben ser axeitados e suficientes para comprobar se o alumnado alcanza o obxectivo de elaborar unha tortilla, polo que o verbo que se empregue para os definir debe corresponderse co que realizará o alumnado.
- Cómpre ter en conta que os contidos non especifican o alcance do que o/a docente debe explicar; ese límite márcao o criterio de avaliación. Daquela, imaxinemos que introducimos o contido "as patacas"; este podería explicarse de xeito moi extenso ou moi breve, desde un punto de vista biolóxico, histórico, gastronómico, etc., polo que o criterio de avaliación debe servir para concretar o alcance do contido.
- Non deben introducirse contidos que non se vaian avaliar, é dicir, que non aparezan reflectidos nalgún CA. Por exemplo, introducir o contido "Tipos de placas na cociña: gas, eléctrica, vitrocerámica e indución" ten sentido se hai un criterio de avaliación no que se pida "identificáronse", "empregáronse", ... diferentes placas na cociña para elaborar a tortilla, pero carece de sentido se ningún CA fai referencia ás placas na cociña.

Deseñar o currículo para este RA "Elabora unha tortilla de patacas empregando a técnica e os ingredientes axeitados" e posterior posta en común coas achegas doutros/as compañeiro/as para, entre todos, alcanzar os CA e os contidos máis acaídos para lograr o RA.